

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO PARA A REALIZACIÓN DUNHA UNIDADE DIDÁCTICA E ITINERARIO SOBRE A II REPÚBLICA EN COMPOSTELA

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte:

D. Martiño Noriega Sánchez, que actúa en nome e representación do Concello de Santiago do que é alcalde, en virtude das competencias que ten recoñecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 7 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra:

D. Juan M. Viaño Rey, reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC) con CIF Q1518001A, e sede en Pazo de San Xerome - Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela), segundo o Decreto 62/2014 do 28 de maio da Xunta de Galicia (DOG do 04/06/2014), que actúa en nome e representación da dita institución, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001 de universidades, do 21 de decembro (BOE do 24/12/2001), e no artigo 85 dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014 do 30 de xaneiro da Xunta de Galicia (DOG do 12/02/2014)

Ambos os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade plena para adoptar este acordo na condición en que respectivamente interveñen e, en consecuencia,

EXPOÑEN

I. - Que o Grupo de Investigación HISPONA, do Departamento de Historia da USC, dentro das súas actividades, traballa de xeito especializado sobre a temática da II República e a Guerra Civil, e ten equipo e capacidade suficiente para desenvolver esta actividade dende as perspectivas investigadora e docente.

II- O Departamento de Educación e Cidadanía considera moi interesante esta iniciativa da USC que pretende recordar e difundir de xeito divulgativo, no ámbito do ensino

secundario, as circunstancias e feitos acontecidos na Compostela dos anos da II República.

En consecuencia, ambas as dúas partes acordan as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira: Obxecto do convenio

- O obxecto deste convenio é a elaboración do texto dunha unidade didáctica para uso dos docentes en ensino secundario, bacharelato e formación profesional, así como a realización dun itinerario e a elaboración do texto dun folleto orientativo sobre o mesmo.
- A unidade didáctica afondará en aspectos sociais locais da II República, xunto a outros de ámbito galego, de xeito que sirva non só para facer unha visita pola cidade recuperando elementos significativos da súa memoria republicana, senón tamén para ampliar os coñecementos do alumnado sobre esta etapa histórica.
- Para a súa realización farase un estudo e síntese de diversos aspectos da Compostela republicana, que permita vincular feitos e procesos a lugares concretos nos que se poida visualizar dun xeito máis efectivo e pedagóxico o que se queira ensinar para que resulte o máis ameno posible.
- A unidade didáctica pensada para alumnado de bacharelato, pode vir acompañada doutra adaptada a un nivel inferior, que poida ser utilizada didacticamente para o alumnado de 3º e 4º da ESO. O percorrido será o mesmo, con contidos históricos máis sinxelos.
- A unidade didáctica resultante empregárase para realizar un percorrido pola cidade de Santiago que sirva para dar a coñecer ao alumnado as pegadas que deixou a II República e o proceso represivo posterior e aqueles puntos de interese sobre a memoria republicana daqueles anos, facendo especial énfase nos seus aspectos educativos e culturais.
- Designaranse unha serie de puntos no ámbito urbano para a realización dunha ruta sobre o tema, de duración aproximada de 45 m. Sinalaranse nela os principais lugares de interese, breves explicacións, feitos salientables e algunhas fotografías, para o correcto desenvolvemento desta temática.

Segunda: Compromisos do Concello

- O Concello de Santiago de Compostela achega unha cantidade de 4.000,00 €, para sufragar os custes da realización do obxecto deste convenio, para os que conta con dotación orzamentaria na aplicación 080.32600.48900 do exercicio 2016.

Terceira: Compromisos da USC

- A realización dos seguintes traballos:
 - o Elaboración do texto dunha unidade didáctica para uso dos docentes en ensino secundario, bacharelato e formación profesional,
 - o Elaboración dun itinerario e,
 - o A redacción do texto dun folleto orientativo para dar a coñecer ao alumnado as pegadas que deixou a II República e o proceso represivo posterior e os puntos de interese sobre a memoria republicana daqueles anos, facendo especial énfase nos seus aspectos educativos e culturais.
- A elaboración dunha memoria das actividades desenvolvidas que presentará ante o Concello.

Cuarta: Consonte o artigo 31 da Lei 38/2003 considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido neste convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Quinta: Os gastos incluídos neste convenio deberán referirse a gastos derivados da realización do texto dunha unidade didáctica e do itinerario sobre a II República en Compostela. En ningún caso poderán xustificarse gastos derivados da compra de bens inventariables, consonte o artigo 31 da Lei 38/2003.

Sexta: Esta subvención, de acordo co sinalado no artigo 28.3 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ten carácter singular co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e consonte o previsto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, emprega o procedemento de convenio de colaboración, polo que non procede a súa convocatoria pública.

Sétima: O Grupo de Investigación HISPONA, do Departamento de Historia da USC, deberá xustificar o orzamento deste convenio antes do 25 de novembro do ano 2016.

Oitava: O Grupo de Investigación Hispona, do Departamento de Historia da USC comprométese a presentar no Rexistro Xeral do Concello de Santiago antes do 25 de novembro de 2016 os xustificantes dos gastos correspondentes á finalidade para a que se concede esta subvención, que deberán estar pagados consonte o artigo 72 do Real decreto 887/2006.

A conta xustificativa conterá ademais a seguinte documentación:

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen o proxecto ou actividade subvencionada, con indicación do importe e da súa procedencia.
- Declaración das subvencións solicitadas, concedidas ou que aínda están pendentes de conceder.

Novena: O incumprimento destas obrigas dará lugar á revogación da subvención. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003.

Décima: O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o seu pagamento, deberá ser ingresado na conta número ES27.2080.0387.80.3110000209 - Universidade de Santiago. Contratos e Convenios, (Abanca).

Undécima: De acordo co disposto no artigo 18.4 da Lei xeral de subvencións deberase dar axeitada publicidade do financiamento do Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago de Compostela para este convenio (tanto na comunicación oral como na escrita). Para tal efecto, o Departamento de Educación e Cidadanía facilitará ao Grupo Hispona o logotipo oficial que deberán utilizar na documentación e información visual e escrita.

Duodécima:

Este convenio estará supeditado á efectiva realización da unidade didáctica, do itinerario e dos textos para a súa publicación. Entrará en vigor na data da súa sinatura e rematará no momento da xustificación dos seus gastos (con data límite o 25 de novembro de 2016), podéndose denunciar pola parte que considere vulnerado o seu espírito por incumprimento dalgunha das súas cláusulas.

Décimo terceira:


O Concello de Santiago de Compostela e a USC comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio.

En caso de conflito, ambas as dúas partes acordan o sometemento aos tribunais de Santiago de Compostela, con renuncia ao seu propio foro.

O Concello de Santiago declara coñecer o carácter de entidade de dereito público que ten a USC e, en consecuencia, que lle son de aplicación as normas de procedemento administrativo. Se é o caso, as partes contratantes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento deste convenio á xurisdición contencioso-administrativa.


En proba de conformidade, asinan este convenio por duplicado exemplar no lugar e data indicado.

O reitor da Universidade de Santiago de
Compostela



| Juan M. Viaño Rey

O alcalde do Concello de Santiago de
Compostela



Martiño Noriega Sánchez

- ANEXO -

MEMORIA-RESUMO ACTIVIDADES A REALIZAR

UNIDADE DIDÁCTICA E ITINERARIO SOBRE A II REPÚBLICA EN COMPOSTELA

GRUPO DE INVESTIGACION HISPONA (Historia Política e dos Nacionalismos)

DEPARTAMENTO DE HISTORIA (USC)

1. Obxecto e tarefas

- O obxecto deste convenio é a elaboración do texto dunha unidade didáctica (ud.) para uso dos docentes en ensino secundario, bacharelato e formación profesional, a realización dun roteiro e a elaboración do texto dun folleto orientativo sobre o mesmo.
- A Ud. afondará en aspectos sociais locais da II República, xunto a outros de ámbito galego, de xeito que sirva non só para facer unha visita pola cidade recuperando elementos significativos da súa memoria republicana, senón tamén para ampliar os coñecementos do alumnado sobre esta etapa histórica.
- Para a súa realización farase un estudo e síntese de diversos aspectos da Compostela republicana, que permita vencellar feitos e procesos a lugares concretos nos que se poida visualizar dun xeito máis efectivo e pedagóxico o que se queira ensinar, de xeito que resulte o máis ameno posible.
- A Ud., pensada para alumnos de bacharelato, pode vir acompañada doutra adaptada a un nivel inferior, que poida ser utilizada didacticamente para o alumnado de 3º e 4º da ESO. O percorrido será o mesmo, con contidos históricos máis sinxelos.

- A ud. resultante empregarase para realizar un percorrido pola cidade de Santiago que sirva para dar a coñecer ao alumnado as pegadas que deixou a II República, o proceso represivo posterior e aqueles puntos de interese sobre a memoria republicana daqueles anos, facendo especial énfase nos seus aspectos educativos e culturais.
- Designaranse unha serie de puntos no casco da cidade para a realización dun roteiro sobre o tema de duración aproximada de 45 m. Sinalaranse nel os principais lugares de interese, breves explicacións, feitos salientables e algunhas fotografías, para o correcto desenvolvemento desta temática.

2. Orzamento detallado

Elaboración da unidade didáctica, itinerario e folleto informativo	3.448,28 €
Administración	551,72 €
TOTAL	4.000 €

3. Persoal implicado

Nome	Categoría	Dedicación
Dr. Emilio Grandío Seoane	Titular de Universidade	113 horas
Dr. Alfonso Iglesias Amorín	Investigador asociado	60 horas